

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: C92502:60
SITUACIÓN: Travesía de Pastoriza, 163 (antes nº 10), 3º der. - ARTEIXO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de A Coruña de data 11 de xullo de 2017 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C92502:60, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior so presentou solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes JACI MELLO AUGUSTO BIRKHAN (nº de credencial 71752). Unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias o xefe territorial.

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a don/a JACI MELLO AUGUSTO BIRKHAN (nº credencial 71752)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Asinado electronicamente na Coruña

